

XORNADA

Introducción aos estudos de Dereito

de acollida

Desenho: Área de Imaxe, Vice-reitoría de Comunicación e Relacións Institucionais. Fotografía: iam Os, Unsplash

9 de setembro de 2024
Aula Magna Concepción Arenal
Facultade de Dereito
Campus de Ourense

XORNADA

Introdución aos estudos de Dereito de acollida

9 de setembro de 2024
Aula Magna Concepción Arenal
Facultade de Dereito
Campus de Ourense

Universidade de Vigo

Breve historia da facultade de Dereito

A Facultade de Dereito fundouse no ano 1990 polo Decreto 416/1990, do 31 de xullo, polo que se concede autorización para implantar estudos conducentes á Licenciatura en Dereito (rama xeral) no Campus de Ourense. Estes estudos constituíron o eixo da organización docente ata o ano 2009, no que se inicia a súa extinción coincidindo coa implantación do Grao en Dereito. Comeza así unha nova etapa, froito da adaptación da Facultade de Dereito ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Coa misión de proporcionarlle ao alumnado unha formación xurídica teórica e práctica, exhaustiva e de calidade en todas as ramas do dereito, a Facultade oferta as titulacións de Graduado/a en Dereito, incluída a simultaneidade de estudos ADE-Dereito, e de Mestrado universitario en Avogacía e Procuradoría.

O centro, cun equipo de persoal de ao redor de 40 profesores con dilatada experiencia docente e investigadora e cun persoal de administración e servizos altamente comprometido co centro, presta un servizo público directo cada ano a aproximadamente 450 estudantes de grao e mestrado.

Situada nun campus periférico, a Facultade aspira a consolidar a súa posición no mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia, sen perder de vista a especialización por campus na docencia, a investigación e a transferencia de resultados e a internacionalización das súas actividades.

Neste senso cómpre salientar os numerosos intercambios internacionais, as estadias de investigación e os proxectos de investigación impulsados polo profesorado deste centro.

Coordinadoras

- Prof. Dra. Susana Álvarez González
Decana da Facultade de Dereito
- Prof. Dra. M.^a Belén Sánchez Ramos
Secretaría da Facultade de Dereito

Obxectivos

Facilitar ao alumnado o tránsito e adaptación á contorna universitaria.

Presentar ao alumnado de novo ingreso o Grao en Dereito.

Dar a coñecer ao alumnado de novo ingreso os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.

Destinatarios

Alumnado de primeiro curso do Grao en Dereito, de novo ingreso, incluído o alumnado do PCEO ADE-Dereito.

Programa

Luns, 9 de setembro de 2024

9.00 h Recepción e benvida

- Prof. Dra. Susana Álvarez González
Decana da Facultade de Dereito

9.05 h Estrutura e contidos do Grao en Dereito

- Prof. Dra. Francisca Fernández Prol
Vicedecana da Facultade de Dereito

9.20 h As guías docentes e os servizos de Teledocencia

- Prof. Dra. Lourdes Borrajo Diz
Vicedecana da Facultade de Dereito
- Prof. Dra. Mónica Siota Álvarez
Coordinadora do Grao en Dereito

9.35 h Orientación académica e Plan de acción tutorial

- Prof. Dra. Mónica Siota Álvarez
Coordinadora do Grao en Dereito

9.50 h Programas de mobilidade do estudantado

- Prof. Dra. M.^a Belén Sánchez Ramos
Responsable de Relacións Internacionais da Facultade de Dereito

10.05 h A delegación de alumnado. Órganos de representación e goberno da Universidade

- Representantes do alumnado da Facultade de Dereito.

10.20 h Descanso

10.45 h 1ª Sesión do Plan de Acción Tutorial (PAT) para o alumnado de 1º curso do Grao en Dereito

11.15 h Presentación da materia *Novas tecnoloxías aplicadas ao dereito para o alumnado de 1º curso do Grao en Dereito*

11.45-13.15 h Presentación das materias do primeiro período de 1º curso do Grao en Dereito para o alumnado do Grao e do PCEO: *Teoría do dereito, Dereito constitucional I e Dereito romano*

13.15-13.45 h 1ª Sesión do Plan de Acción Tutorial (PAT) para o alumnado de 1º curso do PCEO ADE-Dereito.

Información

Facultade de Dereito:
Campus universitario
32004 Ourense
Tfno. 988 368 900 (Secretaría do Decanato)
sdefdo@uvigo.gal
dereito.uvigo.es